

PROGRAMA

Xoves, 14 de decembro
de 2023, no Museo
Provincial de Lugo

Dirección e Coordinación:
Aurelia Balseiro García e
Inmaculada Real López.

16:00 h. Presentación da
xornada: **Iria Castro**, Deputada
Delegada de Cultura da
Deputación de Lugo.

16:00 h. 1º relatorio a cargo
de **Inmaculada Real López**,
profesora da Universidade
Complutense de Madrid:
*Da reconstrución do
nacionalismo galego no
exilio, ao retorno artístico.*

17:00 h. 2º relatorio a cargo
de **Carlos López Bernádez**,
profesor e ensaista: *Fronte da
arte. O social na arte galega desde
a Segunda República ao exilio.*

18:00 h. **Pilar García Negro**,
profesora e investigadora:
*O exilio de Castelao: Lonxe da
Galiza / Sempre en Galiza e*
Rosario Sarmiento, historiadora
da arte e comisaria da exposición
de Leopoldo Nôvoa.

Palestra, moderada por **Aurelia
Balseiro**, sobre a presenza do
exilio galego na programación
museística, cultural e
docente coa participación
dos anteriores relatores.

19:00 h. Visita práctica
guiada ás coleccións do exilio
do MPL e presentación do
seu folleto divulgativo.

20:00 h.
Conclusións e Remate

Inscrição gratuita:
obrigatoria a inscrición previa
por rigorosa orde de entrada no
Rexistro xeral da Deputación
de Lugo, segundo [formulario](#)
facilitado dispoñible no
Museo Provincial de Lugo e en
www.comunidadermpl.gal

Prazas ata completar aforo.


Modalidades:
presencial e en liña.

Enviarase por correo electrónico
un **diploma acreditativo** de
asistencia presencial ou en
liña por 4 horas. Para obter
o diploma é preciso asistir
ao 75% das sesiões.



Xornada de conferencias

A ARTE DO EXILIO GALEGO NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



A ARTE DO EXILIO GALEGO NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

A Lei 20/2022 do 19 de outubro de Memoria democrática estableceu o 8 de maio como o Dia Oficial do Exilio en homenaxe ás vítimas da diáspora, cumprindo a débeda cos que tiveron que fuxir da súa terra e reconhecendo a medio millón de persoas que padeceron esa experiencia por mor dun conflito bélico fratricida e do posterior réxime ditatorial. Arestora, este colectivo está máis presente na nosa sociedade en función de homenaxes ou eventos de rescate pero tamén é necesario ter abertas liñas de investigación nas que se encadran todas as variables relativas á arte do exilio para profundar e dar a coñecer este tema.

Non obstante, con esta iniciativa do Museo Provincial de Lugo, pretendemos fuxir das celebracións conmemorativas e datas concretas para traballar a coto con actividades como a presente poñendo o foco na parte

do exilio galego relacionada coa arte e os seus creadores cos seguintes obxectivos:

- **Lembrar** os nomes dos artistas que forzosamente marcharon ao exilio.
- **Re-coñecer** a súa producción creativa constatando a influencia do exilio nas obras.
- **Estudar** os contextos: antecedentes, feitos e consecuencias, para valorar o impacto dessa diáspora tanto na patria abandonada como nos países de acollida.
- **Divulgar** e transferir o coñecemento desta parte da nosa historia para recuperar obxectivamente a súa memoria de xeito colectivo, pero vendo a especificidade galega e os fondos do Museo Provincial de Lugo en concreto.

A lembranza do exilio artístico galego é un compromiso asumido e un deber para que as xeracións que non o coñeceron constaten a perda e o sufrimento que provocou no pasado século. O coñecemento contribúe a rescatar a memoria e o diálogo interdisciplinar enriquece a investigación.

Con esta actividade coordinada pola directora do MPL e a profesora-investigadora da UCM, Inmaculada Real, realizaranse varios relatorios de profesores universitarios e investigadores vinculados co tema a tratar, con estudos e publicacións ao respecto, seguidas dunha multidisciplinar palestra conxunta e dunha práctica consistente en extrapolar o exilio da arte galega ás coleccións do Museo Provincial de Lugo.

Así mesmo, aproveitarase a data desta actividade para presentar un tríptico impreso que materializa os estudos realizados cun percorrido monográfico aos fondos do exilio galego do MPL para que os visitantes interesados en este tema accedan, comprendan e valoren a importancia de lembrar e identificar un legado histórico artístico determinado.

Finalmente, esta xornada coincidirá coa exposición temporal de Leopoldo Nóvoa, outro artista relacionado co exilio galego.

